

## ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto da seguinte Ordenanza :

- **Ordenanza municipal reguladora de uso social da lingua galega. Concello de Valdoviño.**

Na súa virtude, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de dez días a contar dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

\*.- Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa : A perda do uso da lingua galega especialmente na administración pública.

\*.- Necesidade e Oportunidade da súa aprobación: Complementar o servizo de normalización lingüística impulsado pola Mancomunidade en diversos concellos e perpetuar o seu propósito.

\*.- Obxectivos da norma: Contar cunha ordenanza que regule a uso do galego na esfera municipal, dando cumprimento ás leis vixentes, Estatuto de autonomía de Galicia e demais normativa concordante na materia; para acadar o fomento e normalización da nosa lingua.

Valdoviño, 4 de marzo de 2022

O Alcalde,

Asdo. Alberto González Fernández.